



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

Os Grupos Municipais da Marea Atlántica e o Bloque Nacionalista Galego, a través dos seus voceiros, D^a. María García Gómez e D. Francisco Jorquera Caselas respectivamente, e dos concelleiros e as concelleiras D. Iago Martínez Durán, D^a. Avia Veira González, D^a. Silvia Cameán Calvete, D. Xiao Varela Gómez, D^a. Claudia Delso Carreira, e D. Alberto Lema Suárez, ao abeiro do dereito que lles confire o Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello da Coruña no seu artigo 31, formulan a seguinte **SOLICITUDE DE PLENO DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO**.

Exposición de motivos

O Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais para o ano 2020 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado 17 de outubro, entregado ao Parlamento dous días despois, insiste no desprezo á Coruña e á súa área metropolitana, unha constante durante os últimos anos. As contas presentadas polo presidente Alberto Núñez Feijóo, malia ao seu carácter electoralista e propagandístico, a un ano vista da celebración duns novos comicios autonómicos e a poucas semanas das terceiras eleccións xerais en catro anos, desatenden necesidades básicas e urxentes e carecen de propostas suficientes para afrontar os desafíos que da cidade e a súa área metropolitana, nun contexto marcado ademais pola maior crise industrial padecida polo país en décadas.

Esta nova falta de respecto do presidente da Xunta de Galicia á veciñanza da Coruña esixe unha resposta firme e clara por parte do Concello. Á vista da pluralidade da Corporación e da falta de maiorías absolutas, é preciso abrir un debate e facer un esforzo para acadar un posicionamento conxunto do Pleno, que conte co maior respaldo posible, para o seu traslado inmediato ao Goberno galego.

Por todo o exposto, os Grupo Municipais da Marea Atlántica e o BNG,

SOLICITAN

A convocatoria dun Pleno de carácter extraordinario, toda vez que esta reúne o apoio da cuarta parte dos concelleiros e as concelleiras da Corporación municipal, como esixe o artigo 31 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).



O asunto único proposto para a súa inclusión na orde do día e aprobación é o seguinte:

1.- Instar á Xunta de Galicia a atender as demandas da Corporación da Coruña e a incorporalas aos seus Orzamentos para 2020 no trámite parlamentario.

2.- Dar traslado deste acordo a todos os grupos parlamentarios.

Para facilitar o debate na sesión e o traslado posterior das demandas da Corporación ao Goberno da Xunta de Galicia, solicítase tamén a convocatoria dunha **xunta de portavoces** na que, coas achegas de cada grupo municipal, se elabore unha proposta de acordo para a súa votación no Pleno e se determine, de ser o caso, o procedemento para facer emendas.

Prégase, así mesmo, que a convocatoria da sesión plenaria se faga á **maior brevidade posible**, a fin de que se axuste aos prazos da tramitación parlamentario dos orzamentos.

A Coruña, 21 de outubro de 2018

Asdo: María García Gómez

Voceira do GM da Marea Atlántica

Asdo: Francisco Jorquera Caselas

Voceiro do GM do BNG

Asdo: Iago Martínez Durán

Vicevoceiro do GM da Marea Atlántica

Asdo: Avia Veira González

Concelleira do GM do BNG



Asdo: Silvia Cameán Calvete

Concelleira do GM da Marea Atlántica

Asdo: Xiao Varela Gómez

Concelleiro do GM da Marea Atlántica

Asdo: Claudia Delso Carreira

Concelleira do GM da Marea Atlántica

Asdo: Alberto Lema Suárez

Concelleiro do GM da Marea Atlántica